



MEMORIA ANUAL

2019

FUNDACIÓN ASPACE CORUÑA



A FUNDACIÓN

A fundación ASPACE Coruña constitúese no ano 2012 por iniciativa da asemblea xeral de socios/as da asociación ASPACE Coruña, para asumir o compromiso na protección das persoas con parálise cerebral e outras patoloxías asociadas.

A misión da fundación é proporcionar protección xurídica e garantir o cumprimento dos dereitos das persoas con parálise cerebral para acadar a súa plena inclusión e óptima calidade de vida, promovendo a pluralidade e o respecto á diferenza.

- ✓ *Clasificada pola Xunta de Galicia como entidade de interese asistencial (DOG do 7 de xaneiro de 2013).*
- ✓ *Declarada de Interese Galego o 27 de febreiro, inscrita co nº 2013/03.*
- ✓ *Inscrita no Rexistro de entidades prestadoras de Servizos Sociais co nº E-6000.*
- ✓ *Adscrita ó Protectorado da Consellería de Política Social.*

LIÑAS DE ACCIÓN

- ✓ Asumir a protección e tutela das persoas con parálise cerebral asignadas polos órganos xudiciais.
- ✓ Informar e asesorar ás familias, persoas con discapacidade e profesionais sobre o procedemento de modificación da capacidade, o exercicio da tutela e outras figuras de protección así como a toma de decisións cara o futuro.
- ✓ Informar ó órgano xudicial competente da existencia dos casos de desprotección dos que se teña coñecemento.
- ✓ Promover a sensibilización social para fomentar que as persoas coa capacidade xudicialmente modificada poidan exercer os seus dereitos e obrigas dentro dun marco de respecto e normalidade.

- ✓ Favorecer a integración familiar das persoas tuteladas, facilitando un entorno de seguridade e estabilidade.

ORGANIZACIÓN

O órgano de goberno e representación da fundación é o padroado, o cal se encarga de velar polo cumprimento dos fins fundacionais e administrar o patrimonio.

- Presidente: D. Eulogio López Río
- Vicepresidente: D. Jacinto Sánchez Peñasco
- Secretaria: Dna. Ángeles Rouco Monterroso
- Vogal: D. Antolín Manuel Rodríguez Martínez
- Vogal: D. Óscar Benito Portela Fernández
(Alcaldía de Sada)



A área social é o órgano de xestión que se encarga da atención directa ás familias e ás persoas tuteladas e está integrada por unha traballadora social, unha psicóloga e unha educadora social.

A área administrativa encárgase das tarefas de administración e secretaría así como as derivadas da adecuada xestión económica e contable da fundación e está integrada por un administrativo.

SERVIZOS

➤ INFORMACIÓN E ASESORAMENTO

Este servizo está dirixido a todas aquelas persoas que precisen información sobre medidas de protección para persoas con discapacidade.

Desde a entidade préstase apoio e acompañamento ás familias para que poidan resolver as súas dúbidas e inquiredanzas sobre o procedemento de modificación da capacidade, as funcións tutelares, as obrigas e requerimentos xudiciais e o futuro dos seus fillos e fillas.

As actuacións levadas a cabo desde a entidade a prol da protección das persoas con parálise cerebral durante o ano 2019 son as seguintes:

- **Solicitudes de modificación da capacidade** a través do Ministerio Fiscal, a instancia das familias interesadas. A fundación da un soporte integral ás familias desde o principio ó fin do procedemento. Se iniciaron 6 procedementos de modificación da capacidade, cun acompañamento integral durante todo o proceso.
- **Orientación e asesoramento** ás familias durante os diferentes procedementos e trámites (excusa de patria potestade, inventario de bens, rendición de contas, testamentos...). Recibiron asesoramento un total de 23 familias e se presentaron dúas excusas no xulgado.
- **Xornadas formativas** dirixidas a familias, profesionais e toda a poboación interesada. En novembro de 2019 se realizou unha xornada formativa impartida por unha asesora xurídica especializada que orientou sobre as ferramentas de protección presente e futura para persoas con parálise cerebral. Acudiron un total de 32 persoas entre familiares, usuarios/as e profesionais do sector.



➤ EXERCICIO TUTELAR

Un dos principais cometidos da fundación é exercer a tutela daquelas persoas coa capacidade xudicialmente modificada nos casos en que non existan persoas físicas idóneas para asumir o cargo. A finais do ano 2019 se nomea á fundación mediante sentenza xudicial para exercer a tutela dun usuario da asociación ASPACE Coruña. A partir deste momento se establece un sistema de apoios tanto no ámbito persoal (desenvolver o proxecto de vida) como patrimonial da persoa tutelada, cumprindo coas obrigas inherentes ó cargo, atendendo as necesidades da persoa e administrando os seus bens con dilixencia e responsabilidade. Desta maneiraponse en marcha un servizo que se prevé continuará aumentando progresivamente.

Dentro desta área cabe destacar o servizo de PRETUTELA, a través do cal os pais e nais poden atopar na Fundación unha alternativa de futuro que se encargará de provisionar os apoios necesarios ós seus fillos e fillas cando eles falten ou non podan facerse cargo. Neste momento son catro as familias de usuarios/as da asociación ASPACE Coruña que mostraron interese pola opción de que a fundación asuma, nun futuro, a protección dos seus fillos e fillas. Esta vontade debe materializarse sempre a través dun documento público notarial (tutela testamentaria).

Na actualidade a fundación ASPACE Coruña ten asumido o compromiso de catro tutelas testamentarias, unha das cales está en trámites no xulgado para que se produza o relevo e se nomee á Fundación como representante legal.

FORMACIÓN


Desde a fundación ASPACE Coruña foméntase a formación continuada para garantir a actualización dos coñecementos dos/as profesionais, a mellora permanente da súa cualificación e incentivar a súa motivación.

ACTIVIDADE	ORGANIZA	DATA
ENCONTRO COMPARTIMOS PLAN	DEPUTACIÓN DE A CORUÑA	23/01/2019
AS PERSONAS CON DISCAPACIDADE ANTE OS PROCEDEMENTOS XUDICIAIS	CERMI	28/02/2019
PLANIFICANDO O FUTURO COAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL	PAI MENNI	11/06/2019
O PROCESO DE ENVELLECIMENTO EN PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL	CONFEDERACIÓN ASPACE	29/07/2019
RISOTERAPIA	CONFEDERACIÓN ASPACE	19/09/19 - 20/09/19
ÉTICA DA INTERVENCIÓN SOCIAL	COTSG	SEPTIEMBRE 2019/ MAYO 2020
DCA. TOMA DE DECISIONS: UNHA MIRADA DENDE A ÉTICA	FEGADACE	28/09/2019
CONGRESO NACIONAL DE PARÁLISE CEREBRAL	CONFEDERACIÓN ASPACE	04/10/19-06/10/19
ADEUS QUEIXAS TÓXICAS. HOLA SOLUCIÓNS	CONFEDERACIÓN ASPACE	10/10/19- 11/10/19
XORNADA "DA DIFERENZA Á DIVERSIDADE"	DEPUTACIÓN A CORUÑA	09/12/2019

RECURSOS ECONÓMICOS

- ✚ A principal fonte de financiación da fundación ASPACE Coruña procede da administración pública, en concreto da Deputación da Coruña, da que recibimos unha subvención destinada ó desenvolvemento de programas e actividades dirixidas á poboación con parálise cerebral por importe de 10.513,19 €.
- ✚ Asinouse un ano máis ó convenio de colaboración co Concello de Sada, o cal aportou a cantidade de 1000 € para o financiamento das actividades da fundación.

- ✚ Asinouse por primeira vez un convenio coa Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, cunha aportación económica de 10.000 € para financiar o desenvolvemento da labor fundacional.
- ✚ Estableceuse un convenio coa asociación ASPACE Coruña para colaborar no financiamento dos servizos dirixidos ás familias e persoas usuarias da asociación.
- ✚ A través das subvencións concedidas dentro dos programas de cooperación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, contratouse a unha educadora social, unha psicóloga e un administrativo para reforzar a área de tutela e asesoramento a familias.



FUNDACIÓN ASPACE CORUÑA

